



# BOP

SÁBADO, 27 DE MARZO DE 2010

Nº 70

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

##### Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 8 de marzo de 2010 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Samos. (Nº expte: IN407A 2008/237-2-7381-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
- Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.
- Denominación: LMT, CT E RBT LAMARTÍN-VILA-CEITE.
- Situación: CONCELLO DE SAMOS.
- Características técnicas:
  - LMTA a 20 kv con orixe no apoio Nº D106 da LMT existente TTL8142822 e final no CT intemperie proxectado Lamartín, cunha lonxitude de 46 metros, en conductor LA-56.
  - CT intemperie de Lamartín, cunha potencia de 100 kva e unha relación de transformación de 20.000V/400-230V.
  - LBTA do CT Lamartín, con orixe no apoio no CT proxectado, cunha lonxitude de 2.101 metros en conductor tipo RZ tensado sobre apoios de formigón e de madeira.
  - LBTS do CT Lamartín, con orixe na RBTA e cunha lonxitude de 69 metros en conductor tipo XZ1.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 8 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01469

Resolución do 8 de marzo de 2010 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de Cervantes. (Expediente IN407A 2008/242-2-7387-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
- Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.
- Denominación: CT E RBT VILARELLO.
- Situación: CONCELLO DE CERVANTES.
- Características técnicas:
  - CT intemperie no lugar de Vilarello, cunha potencia de 100 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
  - RBTA do CT Vilarello con orixe no CT Vilarello, en conductor tipo RZ tensado sobre apoios de formigón, cunha lonxitude de 1.348 metros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 8 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01470

Resolución do 5 de marzo do 2010 do Departamento Territorial de Economía e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica "LMT. CT. RBT. Cousín" no Concello de Becerreá (exp. 006/2008 AT.)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do sector eléctrico e no título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica:

Denominación: LMT. CT. RBT. Cousín.

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Domicilio social: A Batundeira 2, Velle- Ourense.

Finalidade: Mellorar a calidade da subministración eléctrica na zona.

Características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión aérea nua, con orixe no apoio nº 7 da LMTA BEC803 e remate no CTC do proxecto Castel María, de 2 km. de lonxitude, a 20 kV sobre apoios de formigón e metálicos, en condutor LA-56/54,6 mm<sup>2</sup>.

2.- Centro de transformación intermedia de Castel María de 50 kV de potencia e relación de transformación 20 kV/400-230 V.

3.- Rede de baixa tensión aérea de 3,141 km. de lonxitude, con orixe no centro de transformación proxectado, sobre apoio de formigón, en condutor RZ.

Autotransformador elevador: En Souto de potencia 25 kVA y relación de transformación 420/960 V.

Transformador reductor: En Cousín de 25 kVA de potencia y relación de transformación 960/420 V.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 54 da citada Lei, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións por duplicado neste Departamento Territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Ronda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de VINTE DIAS hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións neste Departamento Territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 5 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial de Lugo, José Manuel Vázquez Leirado.

## RELACIÓN DE PROPIETARIOS BENS E DEREITOS AFECTADOS

**Expte. n°** 6/08      **CONCELLO:** BECERREA      **PROVINCIA:** Lugo

## LMTA CTA RBTA COUSIN

<i>Ref. Catastral</i>						<i>Apoio</i>		<i>Afeccións</i>		
<i>N° Finca</i>	<i>Polg.</i>	<i>Parc.</i>	<i>Paraxe</i>	<i>Cultivo</i>	<i>Nome e Apelidos</i>	<i>Enderezo</i>	<i>N°</i>	<i>m2</i>	<i>ml aér</i>	<i>m2 aér</i>
13	18	143	VAL DE REQUEIXO	Monte Alto y Baixo	- Emilio Fernández Gómez	- Castelmária - 27660 BECERREA - Lugo	13, 14, TT, 15 y 16	17.0	387.0	4758.0
14	18	26	PRADIÑOS	Prado y Árbores	- Eladio Fernández Vega	- Quinta - Castelmária - 27660 BECERREA - Lugo			79.0	1069.0
15	18	174	CHAO	Prado	- Eladio Fernández Vega	- Quinta - Castelmária - 27660 BECERREA - Lugo			0.0	3.0
16	18	173	CHAO	Prado	- Eladio Fernández Vega	- Quinta - Castelmária - 27660 BECERREA - Lugo			44.0	442.0

R. 01471

## Excma. Deputación Provincial

## INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

CONSERVACION INTEGRAL DA R.V.P. ZONA 1: O VICEDO, VIVEIRO, XOVE, CERVO, BURELA, OUROL, MURAS, XERMADE E VILALBA.

IDEM. ID. ZONA 2: O VALADOURO, FOZ, ALFOZ, BARREIROS, LOURENZA, RIBADEO, TRABADA, MONDOÑEDO, ABADIN, RIOTORTO, A PASTORIZA E A PONTENOVA.

IDEM. ID. ZONA 3: MEIRA, POL, CASTRO DE REI, COSPEITO, OUTEIRO DE REI, RABADE, LUGO, CASTROVERDE, BALEIRA, O CORGO, LANCARA E BARALLA.

IDEM. ID. ZONA 4: GUITIRIZ, BEGONTE, FRIOL, GUNTIN, PALAS DE REI, ANTAS DE ULLA, MONTE-RROSO, PORTOMARIN, O PARAMO, SARRIA E PARRADELA.

IDEM. ID. ZONA 5: RIBEIRA DE PIQUIN, A FONSGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ E NAVIA DE SUARNA.

IDEM. ID. ZONA 6: BECERREA, CERVANTES, AS NOGAIS E PEDRAFITA DO CEBREIRO.

IDEM. ID. ZONA 7: TRIACASTELA, SAMOS, O INCIO, FOLGOSO DO COUREL, QUIROGA E RIBAS DO SIL.

IDEM. ID. ZONA 8: BOVEDA, POBRA DO BROLLON, MONFORTE, SOBER, PANTON, O SAVIÑAO, TABOADA, CHANTADA E CARBALLEDO.

E, en cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo, a 26 de marzo de 2010.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 01509

## ANUNCIO DE APERTURA DE PRAZO PARA O PROCEDIMENTO ABERTO DÁS OBRAS QUE SE INDICAN DE ACORDO COAS CARACTERISTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPUESTO DE LICITACION	PRAZO DE EXECUCION	CLASIFICACION EXIGIDA
Conservación integral da R.V.P. Zona 1: O VICEDO, VIVEIRO, XOVE, CERVO, BURELA, OUROL, MURAS, XERMADE E VILALBA	2.117.500.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
IDEM. ID. Zona 2: O VALADOURO, FOZ,	338.800.- IVE		

ALFOZ, BARREIROS, LOURENZA, RIBA-	--		
DEO, TRABADA, MONDOÑEDO, ABADIN,	2.485.000.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
RIOTORTO, A PASTORIZA E A PONTENOVA	397.600.- IVE		
IDEM. ID. Zona 3: MEIRA, POL, CASTRO DE			
REI, COSPEITO, OUTEIRO DE REI, RABADE,			
LUGO, CASTROVERDE, BALEIRA, O CORGO,	2.712.500.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
LANCARA E BARALLA	434.000.- IVE		
IDEM. ID. Zona 4: GUITIRIZ, BEGONTE,			
FRIOL, GUNTIN, PALAS DE REI, ANTAS DE			
ULLA, MONTERROSO, PORTOMARIN, O	2.555.000.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
PARAMO, SARRIA E PARADELA	408.800.- IVE		
IDEM. ID. ZONA 5: RIBEIRA DE PIQUIN, A			
FONSAGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ E	1.662.500.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
NAVIA DE SUARNA	266.000.- IVE		
IDEM. ID ZONA 6: BECERREA, CERVANTES,	1.715.000.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
AS NOGAIS E PEDRAFITA DO CEBREIRO	274.400.- IVE		
IDEM. ID ZONA 7: TRIACASTELA, SAMOS, O			
INCIO, FOLGOSO DO COUREL, QUIROGA E	1.575.000.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
RIBAS DO SIL	252.000.- IVE		
IDEM. ID ZONA 8: BOVEDA, POBRA DO BRO-			
LLON, MONFORTE, SOBER, PANTON, O SAVI-	2.852.500.-	2 anos	Grupo G) Subgrupo 6) categoría d)
ÑAO, TABOADA, CHANTADA E CARBALLEDO	456.400.- IVE		

**CARACTERISTICAS:**

**1º.- ENTIDADE ADXUDICADORA.**

- a) Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Domicilio: C/. San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo.

**2º.- DESCRIPCION DO CONTRATO.**

- a) Tipo de contrato: Obras.
- b) Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- c) Prazo de execución: O sinalado para cada obra ao comezo do anuncio

**3º. - TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADJUDICACION.**

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto.

**4º.- PRESUPOSTO DE LICITACION DO CONTRATO**

O que se sinala para cada obra no comezo do anuncio.

**5º.- GARANTIAS.**

- a) Provisional: O 3% sobre o valor estimado do contrato sen IVE.
- b) Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación sen IVE.

**6º.- REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA.**

- a) Clasificación: A esixida para cada obra no comezo do anuncio.
- b) Outros requisitos: Ver prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

**7º. - PRESENTACION DE OFERTAS.**

- a) Data límite de presentación: 13 días naturais dende a publicación do presente anuncio no B.O.P.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de 9 a 14 horas da Entidade adxudicadora (ver punto 1º).
- d) Admisión de variantes: NON.
- e) Idioma: Castelán e galego.

**8º.- CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION.**

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1).- Prezo	40
2).- Medios persoais e materiais a maiores dos esixidos na cláusula 5.3	20
3).- Melloras de obra sen custo para esta Deputación relacionados coa execución do contrato que terán que ser avaliadas economicamente	20
4).- Plan de comunicación da obra que deberá de ser evaluado economicamente	10
5).- Certificacións de calidade, medio ambientais e análogas coas que conte a empresa	10

**9º. APERTURA DE OFERTAS.**

- a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.
- b) Localidad e código postal: Lugo, 27001.
- c) Data: publicarase a convocatoria no perfil do contratante ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

**10º.- GASTOS DE ANUNCIOS.**

Correrán por conta dos adxudicatarios.

**11º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION**

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Web: [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) (perfil do contratante).
- c) Teléfono: 982-260078 - 80.
- d) Fax: 982-260268.

Lugo, 26 de marzo de 2010.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 01510

---

**LISTAXE SUBVENCIÓNS ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE**

Dacordo co artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dase publicidade ás subvencións concedidas por acordos da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesións celebradas os días 28 de novembro de 2008 e 19 de decembro de 2008, destinadas a promoción do ocio infantil nos Concellos para a promoción da conciliación familiar (anualidade 2008) e ao mantemento de equipamentos de atención primaria e especializada de titularidade pública que repercutan na conciliación familiar nos Concellos de provincia de Lugo (anualidade 2008).

**CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A MANTENIMIENTO DE EQUIPAMENTOS DE ATENCIÓN PRIMARIA E ESPECIALIZADA DE TITULARIDADE PÚBLICA QUE REPERCUTAN NA CONCILIACIÓN FAMILIAR (ANUALIDADE 2008).**

CONCELLOS	CONCEPTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
BARREIROS	Mantemento equipamentos titularidade pública	126.817,99	88.772,59
BECERREÁ	Mantemento equipamentos titularidade pública	21.348,40	14.943,88
BOVEDA	Mantemento equipamentos titularidade pública	9.688,07	6.781,65
BURELA	Mantemento equipamentos titularidade pública	10.200,00	7.140,00
CASTRO DE REI	Mantemento equipamentos titularidade pública	21.886,12	15.320,28
CERVO	Mantemento equipamentos titularidade pública	77.547,08	54.282,96
CHANTADA 2 C. DÍA	Mantemento equipamentos titularidade pública	63.351,80	44.346,26
CHANTADA 1 ESC INF	Mantemento equipamentos titularidade pública	109.530,72	76.671,50
COSPEITO	Mantemento equipamentos titularidade pública	100.000,00	70.000,00
GUITIRIZ	Mantemento equipamentos titularidade pública	11.310,90	7.917,63
LOURENZÁ	Mantemento equipamentos titularidade pública	6.374,10	4.426,87
MONDOÑEDO	Mantemento equipamentos titularidade pública	96.422,85	67.495,89
MONFORTE DE LEMOS	Mantemento equipamentos titularidade pública	43.551,43	30.486,00
MONTERROSO ESC. INF.	Mantemento equipamentos titularidade pública	148.344,80	103.841,36
MONTERROSO CTR. DIA	Mantemento equipamentos titularidade pública	67.520,90	47.264,63
PALAS DE REI	Mantemento equipamentos titularidade pública	8.106,92	5.674,84
POL	Mantemento equipamentos titularidade pública	3.232,21	2.262,55
QUIROGA	Mantemento equipamentos titularidade pública	40.600	28.420,00
RIBADEO	Mantemento equipamentos titularidade pública	152.077,76	106.454,43
SARRIA	Mantemento equipamentos titularidade pública	42.958,06	30.070,64
SAVIÑAO, O	Mantemento equipamentos titularidade pública	8.812,47	6.168,73
SOBER	Mantemento equipamentos titularidade pública	60.554,21	31.160,65
VICEDO, O	Mantemento equipamentos titularidade pública	46.127,16	21.083,52
VILALBA	Mantemento equipamentos titularidade pública	72.500	50.750,00
VIVEIRO	Mantemento equipamentos titularidade pública	99.800	30.000,00
XOVE	Mantemento equipamentos titularidade pública	4.479,51	3.135,66

**CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A PROMOCIÓN DO OCIO INFANTIL NOS CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DA CONCILIACIÓN FAMILIAR (ANUALIDADE 2008).**

CONCELLO	CONCEPTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
ABADÍN	Actividades ocio infantil	16.062,50	3.212,00
ALFOZ	Parque infantil	18.700,00	13.090,00
ANTAS DE ULLA	Parque infantil	9.559,49	6.661,64
BARALLA	Parque infantil	5.536,03	3.044,82
BARREIROS	Parque infantil	20.658,32	14.460,82
BECERREÁ	Parque infantil	4.200	2.940,00

BEGONTE	Parque infantil	11.800	8.260,00
BOVEDA	Parque infantil	15.084,47	10.559,13
BURELA	Ocio infantil	15.000,00	10.500,00
CARBALLEDO	Actividades ocio infantil	6.438,00	4.506,60
CERVANTES	Parque infantil	15.565	10.895,00
CERVO	Parque infantil	1.876,19	1.313,33
CORGO, O	Parque infantil	20.683,17	10.134,75
COSPEITO	Actividades ocio infantil	5.157,00	3.609,90
COSPEITO	Parque infantil	11.500,00	8.050,00
FOZ	Parque infantil	20.601,60	14.421,12
FOZ	Actividades ocio infantil	5.111,62	3.578,13
GUNTÍN	Parque infantil	6.000	4.200,00
LÁNCARA	Actividades ocio infantil	21.700,00	15.190,00
LOURENZÁ	Parque infantil	33.373,93	23.361,75
MONDOÑEDO	Parque infantil	38.291,17	26.803,82
MONFORTE DE LEMOS	Parque infantil	30.219,72	21.153,80
MONFORTE DE LEMOS	Actividades ocio infantil	48.994,15	34.295,91
MONTERROSO	Actividades ocio infantil	11.952,10	8.336,47
NAVIA DE SUARNA	Actividades ocio infantil	1.200,00	840,00
OTERO DE REI	Actividades ocio infantil	2.132,50	1.490,00
OUROL	Actividades ocio infantil	1.450	1.015,00
PALAS DE REI	Actividades ocio infantil	19.200,00	13.440,00
PARADELA	Parque infantil	6.000	4.200,00
PASTORIZA 1 Actv.	Actividades ocio infantil	3.402,55	2.381,79
PASTORIZA 2	Parque infantil	27.744,49	18.033,92
POBRA DE BROLLÓN	Actividades ocio infantil	1.500,00	1.050,00
POL	Actividades ocio infantil	5.140,00	3.598,00
PONTENOVA A 1 ACTV.	Actividades ocio infantil	9.300	6.510,00
PONTENOVA, A 2	Parque infantil	28.553,05	19.987,13
QUIROGA	Parque infantil	33.962,00	23.773,40
QUIROGA	Actividades ocio infantil	4.515,05	3.160,54
RIBADEO	Actividades ocio infantil	28.000	19.600,00
RIBAS DE SIL	Actividades ocio infantil	21.640,00	15.022,00
RIORTORTO	Actividades ocio infantil	5.856,00	4.099,20
SAMOS	Parque infantil	8.648,00	6.053,60
SARRIA	Parque infantil	15.000	10.500,00
SAVIÑAO	Parque infantil	25.455	17.818,50
SOBER	Actividades ocio infantil	3.000	2.100,00

A FONSAGRADA	Ocio infantil	5.624,00	3.936,00
A FONSAGRADA	Parque infantil	6.803,36	4.762,35
VALADOURO, O	Parque infantil	7.801,19	4.680,71
VICEDO, O	Actividades ocio infantil	39.545,56	27.681,89
VILALBA	Actividades ocio infantil	9.773,29	6.841,30
VIVEIRO	Parque infantil	24.220,80	16.954,56
XOVE PARQUE	Parque infantil	6.296,48	4.407,54
XOVE ACTV.	Actividades ocio infantil	6.917,00	4.841,90

Lugo, 15 de marzo de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 01478

## SERVIZO DE CULTURA E DEPORTE

### Anuncio

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADAS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2008 ÁS ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se da publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Excma. Deputación Provincial de Lugo referidas á anualidade 2008.

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
MOTOCCLUBE ENDUCURO	REALIZACIÓN DA OBRA: CIRCUITO DE MOTOCROS EN ALFOZ	30.000
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN	PROMOCIÓN DO TRIATLÓN NOS COLEXIOS DA PROVINCIA	15.000
FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO	REALIZACIÓN DO PROGRAMA PROVINCIAL DE PIRAGÜISMO	80.000
FEDERACIÓN GALEGA DE LOITAS	REALIZACIÓN DE CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DE LOITA OLÍMPICA	8.000
CLUB CICLISTA CIDADE DE LUGO	ORGANIZACIÓN DA I VOLTA CICLISTA ÁS COMARCAS DE LUGO	84.302
FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO	1º CARREIRA INTERNACIONAL DE CABALOS DE ANDADURA GALEGA CIDADE DE LUGO	7.000
ASOCIACIÓN CULTURAL ACHÁDECO	REPRESENTACIÓN NA PROVINCIA DA OBRA TEATRAL O DIVINO SAINETE	13.200
ASOCIACIÓN DE ARTESANOS DE A PONTENOVA	CELEBRACIÓN II FERIA DE ARTESANÍA, MOBLES E ANTICÜEDADES DA PONTENOVA	5.000
AS DE AMIGOS DO MOSTEIRO DE FERREIRA DE PAL ...	II CERTAME DE INVESTIGACIÓN CONDADO DE PALLARES	4.000
ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS	POSTA EN MARCHA E POSTERIOR FUNCIONAMENTO DUNHA ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL NA PROVINCIA DE LUGO	47.888
FUNDACIÓN EDUCATIVA COLEGIO DIVINA PASTORA DE MONFORTE DE LEMOS	TAREFAS DE RECUPERACIÓN DA FACHADA PRINCIPAL E LATERAIS DO EDIFICIO DO COLEXIO DIVINA PASTORA DE MONFORTE	21.140
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	REALIZACIÓN DE CURSOS DE VERÁN	30.000
REAL AEROCCLUB	III CRITERIUM AERONÁUTICO - GALICIA	10.000
FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLAS DE BALONMÁN NA PROVINCIA DE LUGO	5.000
LUIS VILARIÑO GARCÍA	CAMPIONATO GALEGO DE RALIS DE ASFALTO	10.000
CLUB XOGOS E DEPORTES POPULARES E TRADICIONAIS DE SANT'ALLA	II MOSTRA DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS DE SANT'ALLA	5.000

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a 16 de marzo de 2010.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO XERAL, Faustino Martínez Fernández.

R. 01367



*Anuncio***CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADAS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2008 Á ENTIDADES LOCAIS.**

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerase, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se da publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Excma. Deputación Provincial de Lugo referidas á anualidade 2008.

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE GUITIRIZ	ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL NOREÑA...	29.000
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	REFORMA INTEGRAL DO CAMPO DE FUTBOL "LUIS BODEGAS" (FASE II)	400.000

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a 16 de marzo de 2010.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO XERAL, Faustino Martínez Fernández.

R. 01434

**AYUNTAMIENTOS**

LUGO

*Anuncio*

Por Decreto nº 52/2010 do 3 de marzo, da tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas, o gasto, a adxudicación por procedemento aberto e tramitación urxente, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a realización do SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ADECUACION DOS ESPAZOS, FABRICACIÓN E MONTAXE DA INSTALACIÓN MUSEOGRÁFICA DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL).

Por medio deste anuncio dAse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: O obxecto do presente contrato é a dirección de obra, dirección técnica e coordinación de seguridade e saúde das obras de adecuación dos espazos, fabricación e montaxe da instalación museográfica do Museo Interactivo da Historia de Lugo.

b) Prazo de execución: Os traballos obxecto deste contrato será o que resulte da oferta adxudicataria das obras de referencia, incrementado no tempo necesario para os traballos de liquidación da obra.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato:

O valor estimado é de 86.206,90 €.

O importe correspondente ó IVE (16 %) ascende a 13.793,10 €.

O presuposto de execución por contrata é de 100.000 €.

5.- Garantías:

a) Provisional: 2.586,20 €.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197-3ª planta.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-71-43, 29-71-45, 29-71-44, 29-73-01.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servicios: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nos pregos de condicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 8 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura nos pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen nos pregos de condicións.

11.- Gastos: 600 euros aproximadamente, que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 18 de marzo de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 01483

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de febreiro de 2010, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a contratación da SUBMINISTRACION E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE LUGO (PROXECTO NÚMERO 09446001 MOBILIDADE E 09UR6001 URBAN INSTALACIÓN SAE COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL -FEDER-).

Por medio deste anuncio dase a coñocer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A subministración e instalación dun sistema de axuda á explotación do transporte público urbano en beneficio do casco histórico da cidade de Lugo como proxecto piloto para estendelo nun futuro a outras zonas da cidade, todo elo segundo o prego de prescricións técnicas elaborado polo enxeñeiro de camiños do Concello de Lugo.

b) Prazo de execución: O prazo máximo para a execución deste contrato será de OITO MESES, dende a data de formalización do contrato administrativo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 324.192,87 euros, polo que incluído o 16% do IVE (51.870,86 euros) resulta un presuposto total de 376.063,73 euros (dos cales 91.938,94 euros son con cargo ó FEDER).

5.- Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-71-86.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servicios: Perfil del contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: 26/03/2010.

